

# A mirada documental como práctica curricular innovadora nas escolas audiovisuais

IES Audiovisual de Vigo, España.

---

María José Salgueiro Santiso

Nuria Tobio Fernández

Sira Romero Fernández

Arturo Bermejo Rubio

Laura Miragaya López

Sergio Frade Fraga

Mónica Cortés Padín

Mónica Camba Álvarez

Roberto Santiago Pérez Rodríguez

---

## **Resumo**

Esta comunicación presenta un proxecto de ensino transversal e interdisciplinar no que conflúen contidos abordados en diversos ciclos formativos da familia profesional de imaxe e son. Ao redor de 120 alumnos e alumnas con idades diferentes, con inquedanzas e intereses distintos traballan en equipo para sacar adiante un proxecto desde cero: a realización de 7 pezas documentais. Trátase dun proxecto colaborativo que se pon en marcha mediante metodoloxías activas como aprendizaxe baseado en proxectos (ABP), aprendizaxe cooperativo, Flipped Classroom e aprendizaxe baseado en competencias no que a Investigación-Indagación e a Acción-Reflexión son o pilar no que se asentan a creación destes documentais. Esta metodoloxía de traballo ven refrendada polo Premio Nacional de Boas Prácticas na categoría á mellora ao éxito educativo outorgado ao IES Audiovisual de Vigo polo Ministerio de Educación do Goberno Español.

**Palavras-chave:** Ensino, cinema, documental, metodoloxías innovadoras

## **Abstract**

The aim of this communication is to describe a transversal and interdisciplinary teaching project involving in several vocational courses of image and sound leading to a certificate EAL Level 4 qualification. Around 120 students of different ages and different interests work as a team to carry out a project from scratch: the realization of 7 documentary pieces. It is a collaborative project that is launched through active methodologies such as project-based learning (PBL), cooperative learning, Flipped Classroom and skills-based learning in which Research-Inquiry and Action-Reflection are the pillar on which creation is based of these documentary.. This methodology of work is endorsed by the National Prize of Good Practices in the category to the improvement to the educational success granted to the IES Audiovisual of Vigo by the Ministry of Education of the Spanish government.

**Keywords:** Teaching, Cinema, Documentary, Innovative methodologies,

## Introdución

### O noso centro: IES Audiovisual de Vigo

O IES Audiovisual de Vigo é un centro público de formación profesional dependente da Xunta de Galicia, que abriu as súas portas en setembro de 2005.

Trátase do segundo centro público creado en Galicia adicado exclusivamente ás ensinanzas de Formación Profesional da familia de Imaxe e Son. Dende os seus inicios o centro forma a profesionais do sector audiovisual nas ramas de Son, Producción, Realización, Imaxe e VídeoDj. Na actualidade, ao redor de 400 alumnos estudan no IES Audiovisual de Vigo repartidos en 14 grupos.

O equipo docente está integrado por 31 profesores, algúns dos cales compaxinan a súa actividade académica cun perfil profesional activo no sector audiovisual. Este feito facilita que o centro coñeza as necesidades produtivas reais das empresas de primeira man e aposte por metodoloxías activas de aprendizaxe co fin de que o estudante adquira una capacitación profesional concreta.

Non se pode esquecer que a Formación Profesional son os estudos máis cercanos á realidade do mercado de traballo e dan resposta á necesidade de persoal cualificado especializado nos distintos sectores profesionais para responder á actual demanda de emprego.

### Metodoloxía de traballo

A aprendizaxe por proxectos e a aprendizaxe colaborativa son os pilares nos que se asenta a formación regrada no IES Audiovisual de Vigo, tal como se recollen nos distintos documentos normativos do centro (Proxecto Educativo, Programación Xeral Anual e Normas de Organización e Funcionamento).

A metodoloxía ABP é un sistema de construción de actividades no que interveñen de maneira multidisciplar os coñecementos esenciais do título académico que se está cursando, e no que, segundo indican Botella y Ramos, “a proactividade do estudante, tanto a nivel individual como grupal, conforma a adquisición dos principios básicos inherentes a cada disciplina” (2019, 134). A autonomía e a responsabilidade do alumnado ao longo do proceso de aprendizaxe deben ser guiadas polo docente para alcanzar o obxectivo proposto. Daí que a tarefa do profesor é a dun facilitador do aprendizaxe activo, que expande o coñecemento máis alá dos contidos do módulo formativo que imparte.

Dende o claustro de profesorado do IES Audiovisual de Vigo, partindo de que estas metodoloxías son intrínsecas á forma de traballar no ámbito audiovisual, considerase que esta maneira de traballar é a idónea para conseguir que os estudantes deseñen, planifiquen, executen e avalíen proxectos que teñen aplicación no mundo real máis alá da aula, tal como sinala Blumenfeld e outros (1991).

### Desenvolvemento

Nesta práctica educativa, o proceso de ensino-aprendizaxe xorde das mesmas necesidades e inxerencias do grupo de alumnos/as. Trátase dunha proposta creativa e comprometida onde se sae da pizarra convencional para aproveitar as novas tecnoloxías do audiovisual. Para iso, rómpense as “paredes” das aulas convencionais e conformamos equipos interdisciplinares nos que se simulan aos equipos profesionais na produción dun produto audiovisual.

Fórmanse 7 equipos que se encargan da realización de 7 documentais. Estes equipos están integrados por ao redor de 16 estudantes e, en cada un deles, conflúen todos os perfís profesionais do sector.

A temporalización establecida para a súa execución foi durante o primeiro e segundo trimestre escolar (de outubro a marzo), coincidindo coa duración académica dos segundos cursos dos ciclos superiores<sup>1</sup>.

---

1. No terceiro trimestre o alumnado matriculado en segundo curso dos ciclos formativo, cursa o módulo “Formación en Centros do Traballo” (FCT) no que realizan prácticas laborais en diversas empresas do sector.

## **Obxectivos do proxecto**

As distintas accións desenvolvidas nesta experiencia educativa baséanse nos obxectivos que se sinalan a continuación:

Dacordo co punto 3 do Proxecto Educativo de IES Audiovisual de Vigo:

- Potenciar a coordinación das liñas de actuación do profesorado que interveña no proceso educativo de cada alumno/a.
- Diseñar, planificar e desenvolver medidas eficaces de tipo organizativo e curricular, que dean resposta ás características e necesidades do alumnado.
- Fomentar o traballo en equipo.
- Inculcar bos hábitos no uso e coidado do equipamento técnico.
- Propoñer unha ensinanza que promova os valores de respecto polo outro.
- Fomentar a aprendizaxe creando as condicións para imprimir no alumnado unha actitude positiva cara a mesma.
- Fomentar o respecto e colaboración co entorno natural.
- Buscar a integración do instituto no entorno social, económico e cultural, favorecendo a inserción activa dos alumnos no mesmo.
- Estimular a capacidade de autoaprendizaxe.

Segundo as programacións dos módulos impartidos:

- Detectar as necesidades de equipamento de imaxe e son para a realización dun proxecto cinematográfico.
- Instalar, configurar e manexar o equipamento e o software técnico propio para a execución do proxecto
- Desempeñar as funcións propias do perfil profesional nun proceso produtivo real.
- Cumprir normas de prevención de riscos laborais.

Atendendo a práctica educativa concreta de Documentais:

- Desenvolver competencias transversais como son o traballo en equipo, a autonomía ou as habilidades comunicativas e sociais.
- Permitir aos alumnos/as adquirir coñecementos e competencias chave a través dun proxecto.
- Elaborar de maneira conxunta documentación e material audiovisual segundo unhas pautas profesionais.
- Desenvolver o pensamento crítico sobre o proceso e contido da práctica.
- Reforzar o respecto e cumprimento dos tempos de traballo dacordo co fluxo de traballo establecido.
- Asentar as destrezas técnicas desenvolvidas durante a formación recibida no centro.

## **Descrición do proxecto**

### **Organización e coordinación docente**

Para poder levar a cabo un proxecto multidisciplinar destas características, no que 120 alumnos traballan de maneira sincronizada, é preciso contar cunha boa organización e coordinación docente. Distintos módulos de diferentes ciclos, cada un co seu profesor, relaciónanse para crear unha estrutura de práctica coherente. Con ese fin, na elaboración dos horarios de impartición dos módulos primase a coincidencia dos módulos que conforman a práctica, habitualmente é no horario vespertino (de 16.30h a 19.00h).

O seguinte paso, foi a asignación de tarefas dos módulos que interveñen no proxecto:

CICLO	MÓDULO	CURSO	COMPETENCIA ASOCIADA
CS Producción	Xestión de procesos de cine, video e multimedia	2º	Selección, planificación e xestión dos recursos dun proxecto audiovisual
CS Realización	Procesos de realización de cine e video	2º	Planificación e rodaxe do material audiovisual do documental
	Realización da montaxe e posproducción audiovisual	2º	Edición do material audiovisual rodado e postproducción de créditos. Etalonaxe e máster final
CS de Iluminación, captación e tratamento de imaxe	Gravación e edición de reportaxes audiovisuais	2º	Deseño estético e captación de imaxe durante o proxecto
CS de Son	Sonorización para audiovisuais	1º	Captación do material sonoro do proxecto
	Posproducción de Audio	2º	Edición do material sonoro

**Táboa 1** – Relación entre módulos, cursos e contidos traballados no proxecto. Fonte: Elaboración Propia

A partir deste deseño básico, cada docente planificou actividades de capacitación relacionándoas cos criterios de avaliación dos módulos dos que son titulares, recolléndooas nas súas programacións didácticas. Ao tempo que confeccionaron as rúbricas de avaliación de cada estudante (tanto dende o punto de vista do traballo individual como grupal).

Ademais, deseñouse un diagrama co fluxo de traballo do proxecto detallando os roles de cada estudante, de cada equipo e o plan de traballo do proxecto, que basicamente foron:

- Durante a preproducción e a rodaxe o equipo de realización contaba con: director/a, primeiro/a axudante de dirección e script. Durante a posproducción os roles desempeñados foron os de montador e axudantes.
- O equipo de Iluminación conformárono un director/a de foto, un eléctrico/a e un operador de cámara.
- Por outra banda, produción estaba integrada por: o director/a de produción, primeiro axudante de produción e auxiliares.
- En canto a son, para a captación formáronse equipos con un xefe de son e dous auxiliares e na posproducción eran parellas de traballo os encargados de limpar e facer a mestura de son.

Cada profesor realizaba a supervisión e o asesoramento na súa área de especialización do proxecto, ao tempo que informaba aos compañeiros dos avances e problemas que ían xurdindo.

Como ferramentas tecnolóxicas de traballo e coordinación pódense citar:

- Aulas virtuais de cada módulo, no que o alumnado pode atopar as programacións didácticas, contidos, materiais de traballo e arquivos de consulta.
- Un repositorio dos contidos do proxecto que se xestionou mediante Google Drive e que estaba en permanente elaboración por parte dos estudantes. Nel se compartiron versións do tratamento por esceas, escaletas, fichas de localización, orzamentos, plan de rodaxe, etc.
- Ferramenta de almacenamento e visionado de arquivos de vídeo que permitiu catalogar o material audiovisual gravado e editado.
- Aplicacións de comunicación instantánea para que os equipos de traballo (estudantes e profesorado).

### **Idea: o xerme do documental**

No deseño da práctica apostouse porque foran os propios alumnos/as os que propuxeran os temas co fin de que fosen historias cercanas a eles que lle puxeran unha voz ás súas inquedanzas. Os requisitos que se impuxeron foron que

fosen curtametraxes dunha duración inferior a sete minutos, nun contexto urbano, ambientados na cidade de Vigo explorando lugares e personaxes locais. Mediante a técnica do pitching, presentáronse os proxectos en gran grupo. Finalmente, os escollidos foron:

- *AuTOControl*: seguimento dun rapaz que sofre TOC.
- *Rompendo as olas*: retrato dunha persoa que loita por abandonar o mundo das drogas.
- *GoldenBoy*: a historia dun rapaz que se inicia tarde nos deportes de contacto e que en pouco tempo pasa a disputar campionatos nacionais profesionais.
- *Encendiendo la mirada*: explora o universo plástico do artista Din Matamoro.
- *Tatuarte, Painting Freedom*: acercanos á figura dunha grafiteira e tatuadora que se abriu camiño nun sector moi masculinizado.
- *Alumeando a miseria*: un retrato que pretende dignificar os enterramentos das persoas sen fogar que acaban sendo soterradas en tumbas sen nome.
- *Unha lingua sen boca*: unha rapaza que se traslada a Vigo dende o interior de Galicia e se sente desubicada polo idioma que fala.

Nesta fase, os equipos de traballo dos ciclos de Produción e Realización desenvolveron estratexias de investigación aplicadas á recolección de información para ser empregadas como fundamento teórico da estrutura narrativa do documental.

#### A preproducción

A partir da selección dos temas, cada equipo desenvolveu tarefas vencelladas as súas competencias profesionais:

- **Realización**: procura de fontes e documentación, preparación de cuestionarios para participantes, análise de referencias narrativas, realización de tratamento por escenas, memoria de realización, participación na selección das localizacións técnicas, elaboración de plan de rodaxe, etc.
- **Produción**: Memoria explicativa do proxecto e preparación, xestión de toda a loxística da rodaxe (acordo coas fontes, desagregamentos, orzamento e plan de financiación, fichas de localización e acordos de rodaxe, convocatorias e citacións de todo o persoal involucrado na mesma) e coordinación dos distintos departamentos do proxecto.
- **Imaxe e Iluminación**: *scouting* de dirección de foto, deseño do esquema de iluminación, desagregamento de equipamentos.
- **Son**: Deseño de son e desagregamentos de necesidades técnicas.

#### Rodaxe

As rodaxes realizáronse durante tres días consecutivos en horario completo do alumnado, simulando xornadas de traballo reais. Seguindo coa formulación da práctica, cada departamento de cada documental desenvolveu as tarefas propias do seu perfil dende a elaboración das ordes de traballo diario e citacións até a captación e almacenaxe de brutos tanto de audio como de son. Nesta fase, os alumnos decatáronse da importancia da coordinación e o cumprimento efectivo de cada un dos roles desempeñados, xa que calquera problema que xurda nun equipo pode afectar ao proxecto final.

#### Work flow en postproducción

Dende a formulación inicial da práctica, xa se definiron os settings de cámara e audio para a gravación e os formatos de intercambio entre plataformas e entre equipos de edición de imaxe a posproducción de son e desta última a etalonaxe. A partir do visionado dos brutos realizáronse as seguintes tarefas: organización, importación e edición de imaxe, postproducción de audio, corrección de cor e obtención do máster final e o DCP (*Digital Cinema Package*) con todos os metadatos e arquivos para a proxección da peza.

## Resultados: DCP e material promocional dos documentais

Pídese que o alumnado entregue o DCP do seu documental, xa que nos festivais de cine está cada vez máis estandarizado o seu uso. Trátase dun paquete de arquivos nos que se envía o vídeo e o audio en arquivos separados, dentro dun contenedor .mxf, e arquivos de programación en .xml.

Xunto con este material tamén se pide que cada grupo entregue a ficha técnica do proxecto, signose longa e curta (en galego e inglés), lista de diálogos (en versión orixinal e en inglés), afiche, imaxe para redes sociais, tres fotogramas en alta resolución e a biofilmografía do director.

A finalidade de ter todo este material é que unha vez rematado o proxecto, se realice a súa distribución.

## Fase de avaliación e valoración do proxecto

Unha vez rematada a fase de produción do proxecto adicouse unha xornada multidisciplinar a realizar o visionado dos documentais e análise do resultado final. Ademais, realizouse unha avaliación cuantitativa feita por cada estudante a través dun cuestionario anónimo para coñecer o grado de satisfacción do alumnado con este sistema de traballo. Os profesores implicados tamén realizaron unha xornada de posta en común para detectar os aspectos a mellorar do proxecto. Froito destas avaliacións, realizouse un informe final que se trasladou á Comisión de Coordinación Pedagóxica e que é a base para mellorar esta práctica docente no futuro.

Setembro	Outubro	Novembro- Diciembre	Xaneiro	Febreiro- Marzo	Marzo	Marzo
Reunións de coordinación Profesores	Fase de brainstorming. Investigación creativa.  Pitching e definición de temas	Preproducción	Preproducción inmediata e rodaxe	Edición do material audiovisual rodado e postproducción de créditos. Etalonaxe e máster final	DCP e material promocional dos documentais	Fase de avaliación e valoración
Inicio do curso: presentación dos módulos dos distintos ciclos	Organización de equipos					
Formulación do proxecto aos alumnos/as						

**Táboa 2** – Cronograma das fases do proxecto ao longo dos dous primeiros trimestres do curso. Fonte: Elaboración Propia

## Estratexias na distribución das curtametraxes documentais

No centro existe un grupo de distribución integrado polos módulos de Administración, Promoción de Audiovisuais e Espectáculos e o Módulo de Xestión de Procesos de Cine, Vídeo e Multimedia do Ciclo Superior de Produción. Neste módulos, estúdase a distribución e Exhibición dos produtos audiovisuais. E como actividade dentro destes módulos trabállase a distribución dos documentais no circuíto do noroeste peninsular de Festivais, perseguindo que os alumnos coñezan todo o proceso até que unha peza chega á gran pantalla. Entre os festivais nos que foron finalistas algúns dos documentais realizados na escola podemos citar “Olloboí” (Boiro, 2021), “Kurssal Film Festival San Sebastián”, (San Sebastián, 2021) “Festival Internacional de Curtametraxes de Bueu - FICBUEU”, (Bueu, 2021), “Festival de Cine Inclusivo de Vigo” (Vigo, 2021) ou

“Festival Internacional de Cine de Ponferrada” (Ponferrada, 2021).

O feito de que estes proxectos fosen seleccionados supón un recoñecemento ao traballo da comunidade educativa. Cando falamos de recoñecemento temos que recordar que son películas de escola, tendo en conta a competencia exterior á que se enfrontan. Por este motivo, podemos falar de dous recorridos ou estratexias. Por un lado, os festivais específicos de curtametraxes de escolas, nos que poidan participar unicamente obras producidas dentro do marco educativo; por outro lado, festivais xeneralistas, onde a competencia aumenta, xa que os novos cineastas se enfrontan a directores e produtores que teñen máis anos de experiencia.

## Conclusión

Tras o traballo realizado, considérase que a formación por competencias para o sector audiovisual presenta unha posibilidade para a súa implementación á través da metodoloxía da aprendizaxe baseada en proxectos.

A produción e realización de documentais é un bo exemplo de metodoloxías educativas activas. A través de conceptos, procesos e procedementos púidose analizar, aplicar, crear e avaliar un produto audiovisual a través dun equipo interdisciplinar e desenvolvendo unha actitude profesionalizadora dos perfís propios da Formación Profesional da Familia de Imaxe e Son.

Este proxecto permitiu conseguir un alto nivel de motivación e integrar un modelo de traballo similar ao que o alumnado se vai a atopar no sector ao tempo que lle permitiu asentar un coñecemento relevante. De feito, o Ministerio de Educación do Goberno Español avalou o proxecto outorgándolle o Premio Nacional de Boas Prácticas na categoría á mellora ao éxito educativo no ano 2018.

## Bibliografía

Blumenfeld, PC.; Soloway, E.; Marx, RW.; Krajcik, JS.; Guzdial, M.; Palinscar, A.(1991) “Motivating projectbased learning: Sustaining the doing, supporting the learning”. *Educational Psychologist*. 26 (3 & 4), 369-398.

Botella, A.M e Ramos, P (2019). “Investigación-acción y aprendizaje basado en proyectos. Una revisión bibliográfica”. *Perfiles educativos* [online] vol.41 nº163, 127-141

Medina de la Maza, Carlos (2020): “Les Puerta Bonita. Emisiones Cero Mapping 2050: Producir para cambiar el mundo”. *Revista Digital Educamadrid* [online]. Disponible en: <https://www.educa2.madrid.org/web/revista-digital/convocatorias/-/visor/boletin-de-convocatorias-diciembre-20-1-> (data de consulta: 23/09/2021)

Sánchez Rincón, F (2001): “El aprendizaje basado en proyectos como técnica didáctica en la pedagogía del cine”. *Revista Comunicación*. nº 28, 73-80

De Sousa Carvalho Rocha, Mª Alice; Ribeiro Marra, Juliana; Lemos, Santiago.2018. “O cinema na escola: o facer como práctica curricular” Comunicación presentada na 7.ª Conferência Internacional de Cinema de Viana 2018, 3 e 4 de maio.